

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

ANO XV

A Cruña, 1.º Dicembro 1931

Núm. 290

## AO DECORREL-OS DIAS

Para os días 5 e 6 dos correntes está convocada en Pontevedra a VII asamblea nacionalista. Os irmáns da cidade do Lerez encargáronse da organización d'esta asamblea que terá unha extraordinaria importancia para o movemento nacionalista e para a causa da liberación da Galicia.

Estudárase o programa de Lugo axeitándoo aos tempos actuais para ultimar un programa que sexa bandeira que o nacionalismo erguerá n'unha intensa campaña que logo dará comenzo.

Tamén establececese unha gran organización nacionalista a base d'unha completa dirección e absoluta disciplina.

O nacionalismo volta novamente a actuar de maneira intensa que faga lembrar os tempos do seu comenzo, nos que constituiu a única organización política seria de Galicia.

Os derradeiros anos en que xá pol-a Dictadura como pol-o movemento político hespañol que trouxo consigo o troque de réxime a oposición adicou atención momentánea a outros problemas de urxencia, o nacionalismo galego, anque sempre en aitividade, non poido ter a necesaria que reclama a súa significación e importancia.

Mais desaparecidas esas causas o nacionalismo volta a reorganizarse aínda con máis forza numerosa e de valía que antes para continuar procurando o vieiro ideolóxico e romántico que leva ao trunfo do seu ideal xeneroso.

En momentos como os actuais en que o Estado español estase transformando e Galicia ten prantexado o preito da súa autonomía o nacionalismo necesita reorganizarse co'as súas propias forzas para colaborar, pero non subordinarse, cos demais partidos políticos que queiran actuar como corresponde ao momento actual en defensa da autonomía.

O nacionalismo necesita reintegrar ao seu seo a cantos, por virtude de aquelas circunstancias urxentes, adicaron a súa aitividade a outros motivos hoxe triunfantes. Reorganízase para continuar a laboura comenzada fai quince anos.

E sô ou cos partidos políticos galegos que coincidan n'algún momento en defensa dos intereses e da liberdade de Galicia seguirá o seu camiño patriótico. Cos demais en colaboración igualada, de forza a forza. Sô, non lle faltan recursos. Tivoos até agora e veu axigantarse a opinión autonomista creando unha concencia galeguista que non existía no comenzo da súa vida. Tres lustros de actuación vigorosa como ninguén realizou en Galicia avala a nosa historia.

E si na hora de hoxe as ambicións e as loitas políticas que presenciamos poden máis que a sana opinión e vontade da verdadeira Galicia e ésta non acada a autonomía, pol-o menos o Estatuto parlamentario, o nacionalismo continuará aínda máis vigorosamente que antes chamando á concencia galega e despertandoa para o porvir.

O noso ideal e de sacrificio, de romanticismo e loita. Acadará concencias, colleitará vontades e trunfará porque Galicia o necesita e a nosa constancia non ten lindeiros.

Pol-o porvir da nosa terra aínda ameazada de perigos que parecían xa desterrados, o nacionalismo reaparece na loita política con un entusiasmo inimitable e con unha forza como non tivo nunca.

O comenzo da súa actuación será a asamblea de Pontevedra.



## O de sempre

Temos a vista un importante «plan de obras» de execución pronta do Ministerio de Fomento, e soamente quixera falar d'un punto demostrativo de como a Galiza sigue sendo tratada pol'o Poder Central, nos seus intreses máis vitais, Somentes chamarei a atención encol do capidoo dos portos. A dicáanse grandes cantidades, arredor de vinte millóns de pesetas dos que poderán invertirse quince iste mesmo ano. Non procuredes na lista un porto galego. Nin pequeno nin grande. Nin dos que agardan o remate das obras proientadas fai tempo nin aqueles outros, heróicos, traballadores, espranzados, nos que endexamáis se fixo un drago ou se botou un metro de peirao pol'a conta do Poder Central. Agora, o presuposto, soilo pensa nas costas Sul e Leste da Península.

Son: Cartagena, Almería, Motril, Huelva, Málaga, Algeciras, Sevilla, Puerto de Santa María, Cádiz, algús portos pequenos dependentes de aquiles, e os dous tingitanos de Ceuta e Melilla. Nin un chavo pro N. nin pro N. O. Ben é certo que na nota esplicativa da o goberno un intento de xustificación: a crisis do traballo nas costas agraciadas. Arredor de 6.000 obreiros terán traballo nisas obras.

O Goberno debe conocer a enorme enerxía humana da Beiramar galega. Dinamismo incomparable no conxunto hespañol, forza náda e desenvolta e disposta a medrar sempre ô marxe do Estado.

Son respetabres e xustos todol'os medeos pra romedear as crisis do traballo. Non'os discutamos. Mais sin quere-lo pensando na Galiza, ven ás mentes, a grande verdade que dixo Castelao: «Na Galiza a xente non entra na categoría dos parados, saben emigrar». E temos algo moi superior a total'as consideraciós do momento. Abonda lembrar calquer outono, calquer inverno na nosa Beiramar. As barcas pescantinas saen destemidas. Aquil «vento mareiro» soante no velamen dos versos de Cabanillas, fáise nemigo e fadal. Todol'os anos heroicas vidas no altar do Pai Océano. Non hai portos de refuxio, nin señales, nin previsión metereolóxica, nin nada que defenda i-ampare as vidas. En Vigo aínda témonos que contentar como fai cen anos con loubar a Natureza pródiga na agarda do porto que non chega. Corme, Cariño, Laxe, Fisterre, Corrubedo, mil niños heroicos de traballo, viven e loitan e trunfan cos mesmos «outillages» do tempo dos Artabros. Non lle intresa ós Poderes de Madrid, non xa a comidade e a riqueza, nin a vida dos mariñeiros de Galiza. E aínda hai entre nós, galegos, que ouvean contra a autonomía preferindo mover o rabo de cáns familiares e servos, a demandar o que n'a mais elemental xustiza nos corresponde.

R. OTERO PEDRAYO

## Irmandade da Cruña

O novo Consello directivo da Irmandade propónse realizar unha activa actuación galeguista que renove a dos primeiros tempos do nacionalismo. Entre outras cousas publicará con frecuencia manifestos e follas que espallará con profusión e no seu local dará frecuentemente charlas e conferencias a cárrago de irmáns cruñeses e d'outros pobos galegos.

A serie de charlas foi iniciada xa con unha que o primeiro Conselleiro da Irmandade irmán Victor Casas pronunciou o xoves 12 do pasado encol de temas de actualidade relacionados co nacionalismo e a autonomía.

Concurriu ao aito moito público.

Despois d'unhas verbas explicando a actuación que a Irmandade propónse facer, entra no tema da conversa.

Dí que existindo hoxe unha gran confusión e desconocemento encol do nacionalismo e da autonomía quere contribuir a poñer as cousas en orde e desfacer esa confusión.

Dá lectura a varios puntos do programa nacionalista do ano 18 que demostran de maneira evidente que o nacionalismo galego non é reaccionario e posee un amplo senso universalista.

Fai unha rápida historia do nacionalismo dende o ano 16 ao 23. As súas asambleas, o seu programa, conferencias, mitines, actuación cul-

tural e de que durante ese tempo foi o nacionalismo o único partido político que en Galicia deu sinais de vida, actuando en moitos aspectos namentras os demais estaban sometidos á inactividade. O nacionalismo creou unha conciencia de galeguismo e renovación política que non pode discutirse. No nacionalismo coinciden os homes de máis prestixio de Galicia, e sendo un movemento de pura esencia galega n'el colaboran homes de total'as tendencias políticas e confesionaes sin que endexamáis eso fora oústaculo para se entender e traballar con firmeza pol-a liberación e dignificación da nosa terra.

Durante a Dictadura até o ano 28



foi tamén o nacionalismo, como forza política, a única que fixo fronte a aquel estado de cousas. Ahí están a colección de A NOSA TERRA, os traballos de moitos nacionalistas en diversos xornaes galegos, a persecución contra Galicia de Vigo, o encarceramento de varios nacionalistas.

Nos cinco primeiros anos da Dictadura non se veían por ningures moitos dos que hoxe andan por ahí adiante dando patentes de liberalismo e rebeldía.

Ainda impedindo a Dictadura o desenrolo das actividades nacionalistas no orde político o nacionalismo refuxiouse na actuación cultural creando unha cultura galega como non houbo outra. A revista «Nós» renace e o formidábel Seminario de Estudos Galegos leva o noso idioma e a nosa cultura deica mais aló das fronteiras hispánicas sendo conocidas en todol-os centros culturaes do mundo as suas publicacións.

No ano 28 ao començar a espertar o republicanismo hespañol a sua obra que trouxo a desaparición da Monarquía os sinificados republicanos galegos foi nas ringleiras nacionalistas onde atoparon caíor e colaboración.

Un gran número de nacionalistas colaboraron aivamente na destrución do réxime monárquico por convencimento e por confiar na República para a solución do preito galego.

Fai resaltar os ofrecimentos que os republicanos hespañoles fixeron de que a República sería federal e dos republicanos galegos de traballar para conquistar a autonomía de Galicia.

Procurada a República produxose a división no republicanismo galego por arredamento do partido radical. O nacionalismo como forza política non fixo ningún dos Estatutos galegos. Fixo o primeiro a Federación Republicana Galega n'unha asamblea, a do 4 de Xunio, na que tomaron parte todal-as forzas políticas galegas e representacións de todol-os orgaismos. O nacionalismo non fixo mais que aportar a súa colaboración como unha forza máis sendo pol-o tanto falso canto se di de que os nacionalistas diriximos o movemento autonomista.

Feitas as eleccións de Diputados por rencillas persoales acentuouse mais a división no republicanismo galego e isto motivou que algúns deputados non axudaran como debían ao movemento galeguista.

Siñala o contraste que ofrecen os republicanos galegos que se opoñen á autonomía cando os partidos a que pertencen, o radical comprometido no Pacto de San Sebastián e o radical socialista con un programa radi-

cal en materia autonómica, son autonomistas e botaron o artigo primeiro da Constitución. Os socialistas, comprometidos tamén, acordan en Monforte opoñerse á autonomía habéndose comprometido a defendela antes das eleccións. Fai resaltar como unha forza que en Galicia non ten máis que 2.360 afiliados teña no parlamento oito deputados galegos.

Estas divisións inxustificadas son causa de que no asunto da defensa da nosa autonomía non haxa perfeita unanimidade pero ese é un pleito familiar dentro do republicanismo galego o cual é alleo o nacionalismo.

A Constitución republicana facultada ás rexións para ser autónomas.

Os que poñen reparos aos Estatutos porque teñan máis ou menos contido non teñen razón a facelo por canto o Estatuto non pode acadar para si máis que aqueles puntos que a Constitución lle permite. Os aspectos social e relixioso son facultades do Poder Central.

A minoría da Federación Republicana Galega, d'acordo con outros deputados galegos dos demais partidos fixo o Estatuto parlamentario presentado na Cruña. Os nacionalistas aínda reconecendo que é pouco para ás súas aspiracións concedeuille o seu apoio. Tampouco este Estatuto é obra nosa como alguén insidiosa e falsamente dixo. E obra exclusiva dos parlamentarios. Hoxe está nas máns das Diputacións provinciales rexidas por republicanos e socialistas, pol-o tanto os nacionalistas dirixen esta actuación.

Censura crudamente a quenes, da dereita e da esquerda, combaten o nacionalismo por sistema vendo en todas partes un presunto perigo, así chaman eles nacionalista cando o que están facendo os nacionalistas non pasa d'unha colaboración para non perder agora para Galicia a posibilidade d'unha autonomía máis ou menos ampla que faga a unión da nosa terra e a poña en camiño de se rexir por si mesma.

Di que hoxe están falando nada máis que os nemigos da autonomía que no fondo o son da República e de canto sinifique renovación. Alude ao confusionismo político reinante debido a que os homes e os partidos monárquicos están desplazados e andan buscando en que partidos republicanos hanse de meter para seguir mandando.

Cando se comence aivamente a propaganda estatutaria verase como Galicia sente a autonomía pois hai unha gran masa, a máis numerosa, que é a rural, que desexa e necesita a autonomía.

Di que é falso e canallesco canto se di de que co'a autonomía os nacionalistas serán os novos caciques, por canto a lei eleitoral será demo-

crática e por grandes circunscricións. O nacionalismo será un partido político máis que terá a súa representación no parlamento galego, pero non será por agora unha maioría porque non ten número de votos d'abondo para exercer hexemonía. O nacionalismo será fiscalizador da política galega.

Fala da necesidade de orgaizar partidos políticos galegos ao marxe da política hespañola como xá se fai en Cataluña.

Como remate di que o nacionalismo galego reorganizarse axiña para autuar fortemente con autonomía ou sin ela. Siñala razóns de porque a Galicia convenlle a autonomía que non debe perder agora decindo que os nacionalistas pensando n'unha Galicia moi distinta da actual e que o nacionalismo galego trunfará, anque non o vexa a xeneración actual porque os nacionalismos libertadores trunfaron sempre.

Remata a súa conversa chamando a todos a traballar pol-a autonomía e redención de Galicia.

O irmán Casas foi longamente apraudido e felicitado.

## NOVAS DA CAUSA

O mesmo que començou a facer a Irmandade da Cruña orgaizando semanalmente conferencias e conversas no seu local, están facendo tamén os grupos nacionalistas de Ourense, Pontevedra e Vilagarcía.

No derradeiro mes díronse varias conferencias orgaizadas pol-os grupos mencionados nas que tomaron parte os irmáns Filgueira Valverde, Iglesias Vilarelle, Víctor Casas, Pedret, Núñez Búa, Sebastián González, Risco e outros.

A estos aitos ven asistindo moita xente que vai adequirindo verdadeiro intrés pol-a causa galeguista.

Tamén na universidade compostelán e orgaizadas pol-os alumnos de diversas Facultades estánse facendo cursillos de conferencias en galego. Celebráronse xá dúas a cárrego de Cabeza de León e Antón Fraguas.

Téñense anunciado outros de Castela, Otero Pedrayo, Pedret, Tobío, Carballo Calero e outros sinificados nacionalistas.

O «Seminario de Estudos Galegos» propónse realizar n'este curso unha continuada e intrésante laboura.

Está na preparación de algúns traballos que serán imprentados e logo saírán á lús o tomo IV dos arquivos e outros impresos encol de varias materias



## VERBAS Ó POBO

# O senso creacional da autonomía

O movemento autonomista loita por lle dar a Galiza a posesións dos seu destiños. Zuga do pasado o celme das decantacións hestóricas, que constituen o fondo tradicional e típico, específico e diferencial dos pobos, mais sin cair na superstición das antigas formas vidales. Pol-a contra, mais ben se vira cara o porvir, pra ensaiar n-el un novo estilo de viada galega.

Responde, pois, a un pulo restaurador, de rescate integralista, mais samente como condición previa de encadramento bioloxico diante os problemas do futuro. E unha xesta creacional a remover vellos conceptos deformadores do ser colectivo, da unidade natural que é Galiza; a desbotar os froitos serodios d-unha cultura de imitanza e d-unha gobernación tutelada, pra lle dar eisistencia tanxible á orixinalidade insobornable do noso xenio racial, esmorecida durante moitos seculos, e substituir a degradación politeca por un réximen de prena responsabilidade, afincando no dereito a-o propio goberno.

Ben se olla, que ó autonomismo non podía ser credo de homes gordos de intelixencia, de espíritus incapaces de se deixar abalar por unha inquedaña criadora. Nin de vountades froxas, que amolecen e se creban denantes de opoñerse a-o curso tranquilo das cousas. Nin de bandullos fartos, que turrán por manter o equilibrio da sua parasitaria inconscencia, pechados no seu ogoismo antisocial.

As xentes de liña moral basta non foran fideles a sí mesmas, se admitiran un movemento renovador, onde bulen concencias alumiañadas e vocacións xenerosas dispostas a trager un tempo novo e mellor para-a vida de Galiza.

Todo elo eisprica, que a evidencia primeira non-a sintiran os maxinadores, nin os políticos enfouizados uns no orde d-ideias e outros na corrente dos feitos precedentes. Os bardos foron os que anunciaron a Galiza a boa nova. A semente lírica, acochada na y-alma de cada galego, frorecéu nos chamados Precursores, adiantados d-un ideyal nacente, que andando o tempo había de se trocar no corpo de doutrinas libertadoras que ven a ser hese o nazionalismo galego. Ese a nosa xenaración compuxo ese fundamental repertorio de conviccións, foi porque soupo escoitar mellor que outra ningunha a voz videncial dos Precursores.

O romanticismo d-eles, faise en nós imperativo de loita por un orde que xa tende a crasi-co. E chegará a sel-o no xogo sucesorio das xeneracións. Todo ideyal que encende chamas de fervor na mocidade, e porque ten o *quid divinum* do que é inmorredoiro. Non temades o seu malogro, pois trunfará sen remedio. Cantas remoras se opoñan o seu avance non farán apenas outra cousa que retardar a hora gloriosa sen mengua para sorte derradeira, pois canto mais longa a xestación sexa, será mais definitiva.

Con esta fondura de alento, a Galiza traballa na solución do seu preito. Pouco a pouco vai reconstruindo os perfíles da sua persoalidade, soilo confiada na virtú do propio esforzo, endeitado as mais outas finalidades humáns.

No concerto polifono do mundo, a nota galega ten de volver a soar. E soará pol-a forza espritoal que en si leva a nosa arela autonomista. A pureza e a fé nos tan ollar a-o porvir sen impacencias, sen outros desacougos que os da tarefa sagrada de restituír a nosa Terra o control dos seus destiños.

V. PAZ - ANDRADE.

Vigo, novembro 1931.

## ¡Xuntanza!

Moi perto estás do trunzo na Galiza,  
se teus fillos amor sinten de certo  
para ti. Si ese amor non é desperto;  
si se deixan levar pol-a priguiza;  
se por tua libertá, nobre cobiza  
non sinten, e a loitar a campo aberto  
non se botan, d'aquela estará perto,  
non teu trunfo, se non o da inxustiza.  
Bos galegos, é hora de xuntanza,  
a quen forte non é, ninguén o escoita,  
se queredes ser dinos de gabanza  
ide xuntos a nobre e civil loita,  
se non, triste será vosa lembranza  
e nunca terá fin a vosa coita.

Florencio Delgado Gurriarán.

Córgomo, San Martiño 1931.

# O porvir dos partidos republicanos en Galicia

Diante d'un auditorio entusiasta que enchía o local da Irmandade da Fala da Cruña, pronunciou o patriarca do nacionalismo galego, Don Manuel Lugris Freire, unha elocuente e intresante conferencia sobre "O Porvir dos Partidos Republicanos en Galicia."

Lembrou primeiramente os comenzos das Irmandades pra rebatir os argumentos — empregados moitas veces oporpartidos que recolleron a podredume do caciquismo — dos que pretenden qu'o nacionalismo e retrogado citando homes de nacionalistas, como Porteiro, Chao, Carballal, Parga, que morreron e s'enterrarón civilmente.

A Irmandade foi sempre unha institución de liberdade que ademitiu total-as ideias, pero que tivo sempre unha siñificación ezquerdista. Pediu a liberdade de Galicia tamen é liberal, cousa que esqueceron alguns partidos republicanos.

O cosmopolitismo, dixo, é un principio noble e grande, sempre que sexa respeitoso cos dereitos e diferencias dos pobos. Hai que aceptar o mundo como é, e recoñecer que, incluso fisicamente, a natureza, ó crear o mundo, impuxolle diferencias de clima e de raza, debido a configuración da esfera terrestre e a inclinación do seu eixe. Respeital-as diferencias é liberal. Os homes, como son, poden unirse e sentil-a fraternidade.

Pasou logo o conferenciante a amostrear a antiguedade de Galicia, que hasta a xeoloxía revela. A perfeición dos cantores populares e dos nosos romances, qu'o povo aitual non podería facer, indican a antiguedade e a elevación da nosa civilización. Desfacer este herdo sería destructor e contrario a democracia. Hoxe está probado que o movemento liberano que se iniciou no século VIII, non era unha imitación do Provenzal, sinon que proviña d'un núcleo de cultura xenuinamente galego, que foi tamen o núcleo da civilización occidental. Das terras de Compostela saliron poetas e artistas, creadores do arte galego, que hoxe se chama Románico, agravian-do a Galicia. Na nosa terra se fundou a primeira escola de nautica da Europa, así como a primeira granxa agrícola. Este gran pobo creou o mito de Santiago, que fixo posible a reconquista. En Santiago fermentou a groriosa cultura portuguesa, que levaron a aquelas terras os segundóns das casas nobles de Galicia. ¿Non podemos, con estas xustificacións, recabar a liberdade étnica e cultural de Galicia, sin romper lazos con ninguem?

Galicia ten diante de si a patria castelan con sesenta millóns d'habitantes. Pero ten outra, a portuguesa, que se espallon pol-o mundo. Os galegos que van a Portugal identificáanse axiña con aquel país. Cataluña non pode

aspirar a internacionalidade da sua fala. Pero nós temos duas patrias, temos por noso o mundo castelan e o mundo portugués, somentes nós podemos unir as duas razas.

Estudia logo o conferenciante o movemento artístico e poético de Galicia dendo século VIII o XIII, e fala dos numerosos instrumentos musicales que, xa noséculo X, tiñanse inventado en Galicia, facendo logo un canto a gaita, que atravesou todól-os séculos pra seguir sendo a alegría da nosa poboación rural.

Entrando no aspecto político da sua disertación, amosttra como todol-os partidos republicanos levaban a federación nos seus programas, cousa que legse esqueceron de levar a practica, influidos tal vez pol-o ambiente e os intreses de Madrid. Con federación non habería privilexios pra ningunha rexión, pois os Estatutos non van a ser iguais. A Galicia daranlle seguramente unha limosniña. Esto é contrario a democracia porque Galicia ten mais dereito á autonomía que Cataluña, e a sua liberdade convenlle mais a España, xa que somentes Galicia pode facer o casamento dos pobos hispanos. Non quere privilexios para Galicia, sinon igualdade dentro do réximen federal.

Pero Galicia non vai renunciar os seus dereitos. Hai que formar un partido republicano autonomista, con programa de absoluta craridade e deputados comprometidos a defendel-a autonomía; un partido baseado sobre principios xurídicos de liberdade económica e social. Este partido ten que ser republicano porque Galicia ten unha tradición anti-monárquica. É unha terra que xamáis tuvo verdadeiros reises, e que foi sempre democrática, como o amostróu no século XV, loitando contra o feudalismo e no 1848 combatendo o ausolutismo. Toda a historia de Galicia e da Cruña e de ansias de liberdade. Dos reises somentes recibimos agravios. Carlos IV ofrecía Galicia a Francia a troques da Lonesiana. Felipe II mandaba tropas a nos castigar para logo eisixirnos tributos. Temos pois que ser republicanos e federales, partidarios d'unha autonomía flexible que permita lograr total-as reivindicacións.

O centralismo deixounos co problema do analfabetismo, sin centros de cultura técnica, nin comunicacións. Progrescu mais o Congo. ¿Imos seguir sendo colonia d'uns señores de Madrid, monárquicos ou republicanos? Galicia pode ser grande, instruída e culta, si o seu porvir está nas suas mans. Hastra os sistemas pedagóxicos han de ter en conta os distintos ambientes das rexións e das comarcas. Galicia libre acadaría axiña as riqueza. O seu individualismo é unha garantía contra



os disturbios sociais. Pero o Estado español é incapaz de nos gobernar porque non nos entende,

O conferenciante expresa a súa falla de confianza nos partidos republicanos españois, xa qu'os seus xefes son todos de ideas contrarias, e estamos levando as portas d'un novo caciquismo, que a autonomía evitaría. Porque é moi diferente argallar dende Madrid que dende aquí, onde se oirían as nosas protestas. O nacionalismo ten que unirse pra formar a extrema esquerda do novo partido, préstandolle a súa axuda, como o fixo pra traer a República, pero co pensamento posto sempre na redención de Galicia, que sólo virá cando defenda a autonomía un partido galego.

O nacionalismo será a forza de choque do novo par-

tido, no seu avance pol-os camiños da liberdade e da fraternidade.

Termina decindo o conferenciante qu'os valores imponderables teñen máis forza que as cousas positivas. O galeguismo fermentou nas almas dos poetas, pero é aínda máis emocionante cando se atopa na alma do pobo. E, entre os emigrados, recolleu moitas veces os seus últimos suspiros, e escoitou como n'estes se misturaba o nome da nai co de Galicia. En nome d'eses galegos pide un viva a liberdade e a Galicia, que é contestado con entusiasmo pol-os asistentes, que premiou logo a labor do ilustre conferenciante con longos e calurosos aprausos.

---

## CONFIANZA NO PORVIR

---

O nacionalismo, agora que as circunstancias o obrigan a intervir na loita política, ten forzosamente qu'atopar no seu camiño moitas dificultades que teñen xeneralmente o seu orixen na inesperienza política dos nacionalistas. Até hoxe o nacionalismo foi un núcleo de entusiastas nacionalistas, que pensaban somentes na liberdade da súa terra, sin excluír a ningúen pol-as súas ideas sociais e tendencias políticas. Cumpliu nobremente, en tempos difíciles a súa misión de manter viva a chama do espírito nacional. Agora chegaron outros tempos que presentan outras dificultades. Ó intervir na política tiñan que xurdir as diferencias ideolóxicas, si ben todol-os nacionalistas, sexan da dereita ou da esquerda, seguirán traballando pol-a liberación de Galicia.

Pero somos moitos os que coidamos que é esencial qu'o grupo máis forte do nacionalismo se declare francamente liberal en todol-os seños, si a causa da independencia de Galicia ha de trunfar n'unha data próxima. Coidamos que así o exige o ambiente actual de Galicia, de España e do mundo. E así opinamos qu'o espírito galego foi sempre tan fundamente liberal que incluso por tradicionalismo ten que ser liberal o galeguismo. Este é sen dúbida un dos máis urxentes problemas que ten que resolver o nacionalismo galego.

Hai outro problema que se m'antoxa de capital importancia. ¿Cal ha de ser a posición do nacionalismo nas súas relacións cos partidos republicanos? ¿Convenlle máis a cooperación individual, semellante a que aportou á loita en contra da monarquía, ou sería máis recomendable a colaboración circunstancial d'un partido nacionalista organizado?

O actual panorama político de Galicia e a actuación dos partidos republicanos non pode sermos enteiramente

te simpática. O nacionalismo ten ante todo o deber de conservar o que ten de máis valía, a súa integridade, o seu prestixio moral, xamais lixado pol-o contacto coa baixa política. Débese meditar moito si conveñen as alianzas, ou as colaboracións que poidan somellar alianzas ós ollos da opinión, e que ceccais perxudicarian este prestixio. Lembrese o caso de Irlanda, onde mentras os nacionalistas, maestros de estratexia política se adicaron a intervir no xogo político do Parlamento británico, non conseguiron pra súa terra a máis pequena autonomía. Foi preciso o arredismo e o exclusivismo de Sum Fein pra acadar a independencia de Irlanda. E téñase en conta que Sum Fein, uns anos antes do seu trunfo, non era sinou un pequeno grupo d'unha dúzia de persoas.

Mais todas estas dúbidas non deben disminuir a nosa confianza no porvir. Porque toda a indiferencia do momento, a falla de ambiente que os nosos adversarios alegan en contra nosa, non é máis qu'ó froito inevitabel da política monárquica española, fomentadora intresada do analfabetismo, da inorancia, da ausencia de civismo. E precisamente este mesmo arredamento da vida cívica en que España mantivo o noso pobo pode ser unha cousa que favoreza ó nacionalismo. Porque agora que o pobo galego vai adquirir unha maor cultura, xurdirá na súa i-alma, ó entrar na vida política, o seu sentimento galeguista casi intacto, sin contaminación algunha de españolismo. E cando esto aconteza coido eu qu'ó galego sentirá fundamento o galeguismo, e somentes precisará atopar un núcleo de entusiastas nacionalistas, pra agruparse en derredor d'el, dándolle ó movemento unha forza asovalladora, produto da unión do galeguismo conscente c'ó galeguismo latente.

O dilema actual de Galicia e o seguinte: ou galeguis-

mo ou morte; ou crear unha vida propia ou seguir sendo imitadores. E o que é peor, imitadores de imitadores, europeos de segunda man. E como non podemos acreditar na morte da nosa terra—inda qu'a monarquía ñol-a deixase tan perto da morte—temos que confiar na sua galeguización mais que nada, porque confiamos no trunfo das causas xustas e nobres, e a única causa xusta, nobre na Galicia de onte ou na de hoxe, e precisamente a nacionalista.

Plácido R. Castro.

## FOLLAS NOVAS

*Ensayos y Poesías,—Xohan V. Viqueira.*

Por iniciativa d'un fato de amigos íntimos e moi ben editados por «Nós», acaba de saír un libro tituado «Ensayos y Poesías», onde se recollen diversos traballos en galego e en castelán do chorado filósofo galego Xohan V. Viqueira. Algúns publicados en diversas revistas e outros inéditos.

Leva o libro un introito sentido de Ramón M.<sup>a</sup> Tenreiro e unha breve biografía de Viqueira.

Dos traballos recollidos proceden moitos das páxinas de A NOSA TERRA onde Viqueira realizou nos anos 18 ao 22 unha constante actuación. Ao ollal-os agora reproducidos son motivo d'emoión para quen nos coñecemos a Viqueira e soupemos do seu grande amor e preocupación por Galicia.

O gran pensador galego foi seguramente a figura mais prestixiosa do nacionalismo galego ao que él coa sua crara visión deu unha definición universalista. O seu prestixio no campo da filosofía, a sua educación europea non foron oústáculo para que Viqueira sentira como poucos o nacionalismo galego, e dominando varios idiomas tiña como seu o noso idioma galego no que escribiu infindas páxinas de maravilloso pensamento.

N-este libro recolleuse bastantes e veñen a contribuir n'este momento en que a autonomía e o nacionalismo galego son discutidos con mais mala fé que coñecemento a prestixiar o noso sentimento nacionalista co formidabel tesouro da firma de Viqueira.

Deberan leer este libro quen nos andan por ahí ceibando verbas estúpidas e conceitos malintencionados encol do nacionalismo.

A Galicia que Viqueira arelaba e pol-a que vimos traballando dende fai quince anos é a Galicia que os nacionalistas soñamos para o futuro. Nos artigos que trae o libro, que contén ademais poesías e ensaios filosóficos, está admirabelmente expresada.

Realizaron unha obra dina de aprauso entusiástico quen nos tiveron a feliz iniciativa de publicar o libro. O noso agradecemento é grande pois ven a ser unha gran contribución ao espallamento do idearium nacionalista galego pois o libro será leído en moitos países onde o nome de Viqueira é coñecido e admirado.

Este libro ven a renovar a lembranza que de cote gardamos ao malogrado e inequiescente irmán cuia morte foi unha perda de imposible substitución para as letras galegas e o nacionalismo.

Renovamos tamén os nosos respetos á súa viuda a quen agradounos o xentil envío do libro.

## A Fala

Noble e armoniosa  
Fala de Breogán,  
Fala boa, de fortes  
E grandes sin rival;  
Ti do celta aos ouvidos  
Sempre soando estás  
Como soan os pinos  
Na costa de Froxán;  
Ti nos eidos da Celtia  
E co tempo serás  
Un lábaro sagrado  
Que ao trunfo guiarás  
Fala noble, armoniosa  
¡Fala de Breogán!

Ti sinal misterioso  
Dos teus fillos serás,  
Que pol-o mundo dispersos  
E sin abrigo van:  
E a aqueles que foran  
N-unha pasada edá  
Defensores dos eidos  
Contra o duro román  
E que aínda cobizan  
Da terra a libertá  
N-un pobo noble e forte  
Valente axuntarás...  
¡O fala armoniosa,  
Fala de Breogán!

Serás épica tuba  
E forte sin rival  
Que chamarás os fillos  
Que aló do Miño están,  
Os bos fillos de Luso.  
Apartados irmáns  
De nos por un destino  
Envexoso e fatal.  
Cos robustos acentos  
Grandes os chamarás  
¡Verbo do grau Camoens  
Fala de Breogán!

† EDUARDO PONDAL



# A NOSA TERRA

## PRECIOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un año 6 pesetas.  
América, un ano 8 pesetas. (Pagos adiantados)

REDAIÇÃO E ADEMINISTRACIÓN  
Fermín Galán, 36, 1.º A Cruña

DISPONIBRE

Sr. ....

## Banco Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito . . . Ptas, 17.000.000  
Id. desembolsado » 11.000.000  
Fondo de Reserva. . . » 6.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SECURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Montorn, a Estrada, Tuy, Mellae, Muxia, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Fonsagrada, Ponceiros, Chantada, Orense, Cedeira e Ordenes

### CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando 'os seguintes intreses:

|                        |   |     |   |       |
|------------------------|---|-----|---|-------|
| A vista . . . . .      | 2 | 1/2 | % | anual |
| A tres meses . . . . . | 3 |     |   | "     |
| A seis meses . . . . . | 3 | 1/2 | % | "     |
| A un ano . . . . .     | 4 |     |   | "     |

### CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

A superioridade dos

## CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega.

### HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pola sua Terra.

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA  
Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

GRANDES ALMACENES DE TECIDOS

## NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

Inmenso surtido en panos da rexión e estranxeiros. Confecciónase toda crás de prendas para mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA

## FILLOS DE H. HERVADA

CASA FUNDADA EN 1865

### A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

## GRAMATICA DO IDIOMA GALLEGO

POR

## Manuel Lugris Freire

Segunda edición correxida e aumentada. — Véndese na librería de ZINCKE HERMANOS

NA CRUÑA — PRECIO CINCO PESETAS